



**CONCELLO DE OURENSE**  
**SECRETARIA XERAL DO PLENO**

**RESUMO DOS ACORDOS DO PLENO DO CONCELLO DO DÍA 6 DE  
OUTUBRO DO ANO 2021**

**1.- Aprobación das actas dos plenos extraordinario do 2 de xullo de 2021 e do 29 de xullo de 2021**

Apróbanse por unanimidade dos presentes as actas correspondentes ás sesións extraordinarias do 2 de xullo de 2021 e do 29 de xullo de 2021.

Faise constar que na relación de asistentes a concelleira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, dona Custodia Concepción García Lozana, aparece referida en dúas ocasións.

**2.- Toma e posesión do concelleiro don José Jesús Cudeiro Mazaira, do Partido Popular, en substitución de don Jesús Vázquez Abad**

O secretario pon en coñecemento da corporación que con data do 23 de setembro de 2021 a Xunta Electoral Central expediu a credencial de concelleiro electo de don José Jesús Cudeiro MAZAIRA, pertencente á candidatura do Partido Popular (PP), ás eleccións locais do 29 de maio de 2019 en substitución, por renuncia, de don Jesús Vázquez Abad.

O artigo 75.7 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local dispón que todos os membros das corporacións locais formularán declaración sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que os proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos e tamén formularán declaración dos seus bens patrimoniais. Ponse igualmente en coñecemento da corporación que ambas as dúas declaracións foron presentadas polo Sr. Cudeiro Mazaira, segundo os modelos aprobados polo Concello Pleno o 9 de novembro de 2007, quedando inscritas nos rexistros municipais que figuran na súa Secretaría Xeral.

O artigo 108.8 da Lei electoral xeral dispón que no momento de tomar posesión e para adquirir a plena condición dos seus cargos, os candidatos electos deben xurar ou prometer acatamento á Constitución, así como a cumprimentar os demais requisitos previstos nas leis ou regulamentos respectivos, sendo estes últimos os citados con anterioridade.

Pola súa banda, o artigo 1 do Real decreto 707/1979, do 5 de abril, establece a fórmula de xuramento en cargos e funcións públicas.

Por todo o exposto procede a toma de posesión do proclamado concelleiro electo, don José Jesús Cudeiro Mazaira.

Deseguido procederá a Alcaldía a darlle a toma de posesión a don José Jesús Cudeiro Mazaira.

Don José Jesús Cudeiro Mazaira achégase ao estrado de presidencia e manifesta ante a alcaldía:

*“Xuro pola miña conciencia e honra cumprir con fidelidade as obrigas do cargo de concelleiro do Excmo. Concello de Ourense con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”.*

A Alcaldía fai a imposición da medalla corporativa e das insignias da corporación.

Queda posesionado don José Jesús Cudeiro Mazaira como concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular.

### **3.- Posta en coñecemento das resolucións ditadas dende a data de celebración do último Pleno**

O Pleno dáse por informado.

### **4.- Posta en coñecemento do decreto da Alcaldía-Presidencia de delegacións e competencias (núm. 2021007311)**

#### **“DECRETO DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS**

Ourense, na data da sinatura electrónica

Consonte establece o artigo 124.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o alcalde ten atribuída a facultade de delegar determinadas atribucións, na Xunta de Goberno local, nos seus membros, e nos demais concelleiros e concelleiras e incluso, en outros órganos de nova creación, derivado da súa facultade de establecer a organización e estrutura da administración municipal executiva.

Visto o decreto de data 01/07/2021 polo que se aproba a estrutura das áreas que integran o Goberno municipal e que derroga ó decreto núm.2021001969 do 29.09.2020.

Considerando a necesidade de adecuar o réxime de delegación de competencias da Alcaldía na Xunta de Goberno local e nos/as concelleiros/as ós cambios efectuados na Corporación e na estrutura das áreas de goberno e vistos, entre outros, os artigos 43, 44, 120 e 121 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROF), en relación co



**CONCELLO DE OURENSE**  
**SECRETARIA XERAL**

artigo 9 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público,  
**RESOLVE:**

**Primeiro.-** Quedarán baixo a directa dependencia da **Alcaldía** , as seguintes:

1- Dirección e coordinación das áreas delegadas do Goberno Municipal, mediante o exercicio das seguintes competencias:

- a) A dirección da política, goberno e administración municipal (artigo 124.4.b) da LBRL).
- b) O establecemento das directrices xerais da acción de goberno, asegurando a súa continuidade (artigo 124.4.c) LBRL)
- c) A superior dirección do persoal ao servizo da administración municipal – artigo 124.4.i) LBRL)
- d) As facultades de control do exercicio das competencias delegadas previstas no artigo 37.1 do Regulamento orgánico.
- e) As funcións de representación e dirección política do Concello previstas nos apartados a), d), e), f) e g) do artigo 124.4 LBRL.

Da xefatura desta área, dependerán directamente :

- Director Xeral de Administración Municipal
- Director Xeral de Innovación, Tecnoloxía, e Intelixencia Artificial.
- Director Xeral de Recursos Humanos
- Asesoría Xurídica
- Avogacía Consistorial
- Sistemas de información

## **2- RECURSOS HUMÁNS**

### **3- PROMOCIÓN ECONÓMICA**

3.1.- Emprego e Formación Ocupacional

3.2.- Recursos Europeos

3.3.- OMIC

3.4.- Comercio

### **4- INFRAESTRUTURAS**

4.1.- Obras.

4.2.- Servizo de augas.

4.3.- Servizo eléctrico.

4.4.- Mantemento viario e mobiliario urbán.

### **5- EDUCACIÓN E CULTURA**

5.1.- Festexos, Artes escénicas, Exposicións e museos

5.2.- Educación

**Segundo.-** Efectuar a delegación da Área de **SERVIZOS XERAIS**, en don Armando Ojea Bouzo, co alcance que a continuación se especifica, incluíndo a autorización e disposición de gastos, as facultades de dirección e xestión dos servizos correspondentes, así como a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros e a resolución de recursos de reposición que se interpoñan contra os ditos actos.

**2.1.-** Archivos e rexistros administrativos: A xestión dos arquivos e rexistros administrativos (sen prexuízo da súa superior dirección pola Oficialía Maior, conforme ao establecido na Disposición Adicional 8ª, apartado d) da Lei de Bases do Réxime Local, en relación co artigo 3.2.1) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional)



## CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL

**2.2.- Contratación:** A xestión das contratacións suxeitas á Lei de contratos do sector público, exceptuados os contratos menores, e sen prexuízo do establecemento de instrucións xerais para a coordinación dos procedementos de contratación menor, que corresponderá a esta área.

- A xestión dos servizos comúns ao conxunto da administración municipal non atribuídos de forma específica a outra área.

**2.3.- Parque móbil.**

**2.4- Cooperación Institucional**

E incluírá, en xeral, a xestión dos servizos comúns ao conxunto da administración municipal non atribuídos de forma específica a outra área.

**Terceiro.-** A presente resolución producirá efectos dende a mesma data da súa sinatura, sen prexuízo da preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia, e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Ourense e da Casa do Concello.

**Cuarto.-** Nas resolucións que se adopten no exercicio da delegacións conferidas por esta Alcaldía, farase constar expresamente esta circunstancia e a data desta resolución.

**Quinto.-** Notificarlle persoalmente a presente resolución aos designados. A delegación para ser eficaz requirirá a súa aceptación por parte do/a delegado/a. Entenderase aceptada tacitamente se no termo de tres días hábiles contados dende a notificación do acordo o/a concelleiro/a ou o órgano destinatario da delegación non fai manifestación expresa diante do órgano delegante de que non acepta a delegación.

**Sexto.-** Revogar parcialmente o decreto núm. 2021005267 do 02/07/2021, no que resulte incompatible co disposto no presente.

**Sétimo.-** Darlle conta ao Pleno da Corporación e a Xunta de Goberno local na primeira sesión que teña lugar.

O Pleno dáse por informado

## **5.- Posta en coñecemento do decreto da Alcaldía-Presidencia sobre as áreas de goberno (núm. 2021007312)**

### **“DECRETO DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA SOBRE AS ÁREAS DE GOBERNO .-**

Ourense, na data de sinatura electrónica.

O artigo 123.1.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, dentro do seu Título X introducido polo apartado 4 do artigo primeiro da Lei 57/2003, de 16 de decembro; establece que lle corresponde ao Pleno, entre outras a seguinte atribución: “A determinación dos niveis esenciais da organización municipal, entendendo por tales as grandes áreas de goberno [...], sen prexuízo das atribucións do Alcalde para determinar o número de cada un de tales órganos e establecer niveis complementarios inferiores.”.

O Regulamento Orgánico de Goberno e Organización do Pleno e a Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións do Concello de Ourense, aprobado polo Pleno da Corporación do Concello de Ourense, fiel ao mandato legal recollido no artigo 123, dispón no seu artigo 118.1 que “Os servizos administrativos do Concello estrutúranse en áreas, que se determinarán tendo en conta os grandes contidos da actividade administrativa municipal de acordo co previsto no artigo 123.1 da Lei 7/1985.”

O apartado 2 do mencionado artigo 118 atribúelle ao Alcalde o establecemento da organización e estrutura da administración municipal executiva, sen prexuízo das competencias atribuídas ao Pleno en materia de organización municipal. Asemade, correspóndelle precisar o contido competencial de cada unha, así como no seu caso refundir e detallar.

Así pois, as Áreas de Goberno constitúen o primeiro nivel esencial da organización municipal e comprenden, cada unha de elas, un ou varios sectores funcionalmente homoxéneos da actividade administrativa.

Pola súa banda, as Concellerías Delegadas, constituirán o segundo nivel esencial da organización municipal, e comprenden un ou varios ámbitos de competencia municipal funcionalmente homoxéneos e estarán integradas na estrutura organizativa dunha Área de Goberno.

De acordo co exposto, ó abeiro do disposto no artigo 124.4 b) e k) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, en relación cos artigos 118 a 121 do Regulamento Orgánico de Goberno e Organización do Pleno e a Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións do Concello de Ourense, **RESOLVE:**

**Primeiro.-** Estructurar a Administración Municipal nas seguintes Áreas de Goberno:



## CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL

### 1.- ALCALDÍA.

Correspóndelle a dirección e coordinación das áreas delegadas do Goberno Municipal, mediante o exercicio das seguintes competencias:

- a) A dirección da política, goberno e administración municipal (artigo 124.4.b) da LBRL).
- b) O establecemento das directrices xerais da acción de goberno, asegurando a súa continuidade (artigo 124.4.c) LBRL)
- c) A superior dirección do persoal ao servizo da administración municipal – artigo 124.4.i) LBRL)
- d) As facultades de control do exercicio das competencias delegadas previstas no artigo 37.1 do Regulamento orgánico.
- e) As funcións de representación e dirección política do Concello previstas nos apartados a), d), e), f) e g) do artigo 124.4 LBRL.

Da xefatura desta área , dependerán directamente :

- Director Xeral de Administración Municipal
- Director Xeral de Innovación , Tecnoloxía , e Intelixencia Artificial.
- Director Xeral de Recursos Humanos
- Asesoría Xurídica
- Abogacía Consistorial
- Sistemas de información e Transparencia

### 2.- SERVIZOS XERAÍS

- Servizos xerais: inclúe as seguintes funcións:

2.1.- Arquivos e rexistros administrativos: A xestión dos arquivos e rexistros administrativos (sen prexuízo da súa superior dirección pola Oficialía Maior, conforme ao establecido na Disposición Adicional 8ª, apartado d) da Lei de Bases do Réxime Local, en

relación co artigo 3.2.1) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional)

2.2- Contratación : A xestión das contratacións suxeitas á Lei de contratos do sector público, exceptuados os contratos menores, e sen prexuízo do establecemento de instrucións xerais para a coordinación dos procedementos de contratación menor, que corresponderá a esta área.

- A xestión dos servizos comúns ao conxunto da administración municipal non atribuídos de forma específica a outra área.

2.3.- Parque móbil

2.4- Cooperación Institucional

### **3.- INFRAESTRUTURAS**

3.1.- Obras.

3.2.- Servizo de augas.

3.3.- Servizo eléctrico.

3.4- Mantemento viario e mobiliario urbán.

### **4.- MEDIO AMBIENTE**

4.1- Parques e xardíns.

4.2- Limpeza viaria

### **5.- URBANISMO, VIVENDA E PATRIMONIO**

5.1.- Urbanismo, licenzas e vivenda.

5.2.- Xestión urbanística e planeamento.

5.3.- Patrimonio municipal.





**CONCELLO DE OURENSE  
SECRETARIA XERAL**

5.4.- Oficina PERI

5.5.-Responsabilidade patrimonial

**6.- EDUCACIÓN E CULTURA**

6.1.- Festexos, Artes escénicas, Exposicións e museos

6.2- Educación

**7.- PROMOCIÓN ECONÓMICA**

7.1.- Emprego e Formación Ocupacional

7.2.- Recursos Europeos

7.3.- OMIC

7.4- Comercio

**8.- SERVIZOS SOCIAIS**

8.1.- Asuntos Sociais.

8.2.- Muller e Igualdade.

8.3.- Saúde.

**9.- MOBILIDADE E TRANSPORTE**

**10.- SEGURIDADE CIDADÁ**

10.1.- Policía

10.2- Bombeiros

10.3- Protección Civil

10.4.- Voluntariado

## **11.- ECONOMÍA E FACENDA**

11.1-Xestión económica e orzamentaria

11.2- Xestión Tributaria e recadatoria

11.3- Tesourería

## **12.- RECURSOS HUMANOS**

## **13.- TURISMO, TERMALISMO, PARTICIPACIÓN CIDADÁ E XUVENTUDE**

## **14.- DEPORTES**

14.1- CMD

**Segundo.-** Derrogar o decreto núm. 2021001969 do 29.09.2020.

**Terceiro.-** A presente resolución producirá efectos dende a mesma data da súa sinatura, sen prexuízo da preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia, e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Ourense e da Casa do Concello. Daráselle conta ao Pleno da Corporación e a Xunta de Goberno local na primeira sesión que teña lugar.

O Concello Pleno deuse por informado.



**CONCELLO DE OURENSE**  
**SECRETARIA XERAL**

**6- Posta en coñecemento do informe de Tesouraría sobre o período medio de pago correspondente ao mes de agosto de 2021**

**ASUNTO:** INFORME PERIODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES MES DE AGOSTO DE 2021

**Expediente cívicas:** 2021036573

**INFORME DE TESOURERÍA**

**1.- NORMATIVA APLICABLE:**

A lei 3/2004, de 29 de decembro pola que se establecían as medidas de loita contra a morosidade das operacións comerciais, incorporou ó noso ordenamento xurídico a Directiva 200/35/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, de 29 de xuño de 2000.

Transcorridos 5 anos dende a vixencia da citada norma, fíxose necesario a súa adaptación ós cambios producidos no entorno económico e modificación para que sexa aplicable, tanto no ámbito da empresa privada, como no do sector público. Esta modificación levouse a cabo coa Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 e decembro.

O artigo cuarto da citada norma establece:

“3.- Os Tesoureiros ou, na súa falta, Interventores das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos nesta Lei para o pago das obrigacións de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigacións pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

4.- Sen prexuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación local, devandito informe deberá remitirse, en todo caso, aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial, aos das Comunidades Autónomas que, con arranxo aos seus respectivos Estatutos de Autonomía, teñan atribuída a tutela financeira das Entidades locais. Tales órganos poderán igualmente requirir a remisión dos citados informes.”

O Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenrolar a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos rexímenes de financiación, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira”.

Con este Real Decreto dase cumprimento ó que establece a Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, tras a reforma operada pola Lei Orgánica de Control da Débeda no Sector Público, que introduce o concepto de período medio de pago (PMP), como expresión do volume da débeda comercial, e establece a obriga de que todas as Administracións Públicas o apliquen e fagan público.

O obxectivo principal é contribuír a erradicar a morosidade das Administracións Públicas e controlar a débeda comercial, evitando a acumulación de atrasos no pago de facturas ós provedores.

A citada norma ten sido modificada no que se refire á **metodoloxía do cálculo do PMP** polo Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro. Como expón a información emitida polo propio Ministerio de Facenda, trátase con esa modificación de reforzar o cumprimento da normativa europea en materia de loita contra a morosidade, quedando a nova metodoloxía alineada coa normativa nacional, que traspón as directivas comunitarias, iniciándose o cómputo dos prazos, con carácter xeral, dende a aprobación dos documentos que acrediten a conformidade cos bens entregados ou servizos prestados, en lugar do criterio que se aplicaba ata a data, no que o inicio do prazo de cómputo producíase dende os 30 días seguintes á entrada da factura no rexistro administrativo.

A nova **metodoloxía do cálculo do PMP** non permite que o dato resultante tome valor negativo si a Administración paga antes de trinta días naturais dende a presentación das facturas ou certificacións de obra.

## 2.- INFORME:

Establece o Real Decreto 635/2014, modificado polo Real Decreto 1040/2017, unha metodoloxía económica común para o cálculo do período medio de pago a provedores, período medio que ven a medir o atraso no pagamento da débeda comercial en termos económicos.

Así, calcularase un período medio de pago global a provedores que comprenderá o de todas as entidades incluídas no artigo 2 da LO 2/2012 e, o período medio de pago de cada entidade. Para o cálculo do período medio de pago o Real Decreto precisa as facturas que deberán ser tidas en conta e sinala, expresamente, aquelas que deberán ser excluídas. Estes cálculos, no caso das Corporacións Locais incluídas no ámbito subxectivo dos artigos 111 e 135 do TRLRFL aprobado por RDL 2/2004, de 5 de marzo, será mensual.



**CONCELLO DE OURENSE**  
**SECRETARIA XERAL**

A metodoloxía establecida para o cálculo do período medio de pago a provedores é a seguinte:

**Artigo 4: “Cálculo do período medio de pago global a provedores”**

$\sum$  (período medio de pago de cada entidade \* importe operacións da entidade )

período medio de pago =

---

global a provedores  $\sum$  importe operacións das entidades

“Se entenderá por importe de las operacións da entidade o importe total de pagos realizados e de pagos pendentes nos termos indicados nos artigos seguintes”

**Artigo 5** (do RD 635/2014 de 25 de xullo, modificado polo RD 1040/2017, de 22 de decembro): **“Cálculo do período medio de pago de cada entidade”**

1.- Aos efectos do cálculo do período medio de pago global ao que se refire o artigo anterior, o período medio de pago de cada entidade calcularase de acordo coa seguinte fórmula:

$\text{rateo operacións pagadas} * \text{importe total pagos realizados} + \text{ratio operacións pendentes de pago} * \text{importe total pagos pendentes}$

período =

---

medio de pago  $\text{importe total pagos realizados} + \text{importe total pagos pendentes}$

2.- Para os pagos realizados no mes, calcularase o cociente das operacións pagas de acordo coa seguinte fórmula:

$\Sigma$  (número de días de pago \* importe da operación pagadas)

rateo das operacións = \_\_\_\_\_

pagadas Importe total de pagos realizados

Entenderase por número de días de pago, os días naturais transcorridos desde:

- a) A data de aprobación das certificacións de obra ata a data de pago material por parte da Administración.
- b) A data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade cos bens entregados ou servizos prestados, ata a data de pago material por parte da Administración.
- c) A data de entrada da factura no rexistro administrativo, segundo conste no rexistro contable de facturas ou sistema equivalente, ata a data de pago material por parte da Administración, nos supostos nos que ou ben non resulte de aplicación un procedemento de aceptación ou comprobación dos bens ou servizos prestados ou ben a factura recíbese con posterioridade á aprobación da conformidade.

Nos supostos nos que non haxa obrigación de dispoñer de rexistro contable, tomarase a data de recepción da factura no correspondente rexistro administrativo.

No caso das facturas que se paguen con cargo ao Fondo de Liquidez Autonómico ou con cargo á retención de importes a satisfacer polos recursos dos réximes de financiamento para pagar directamente aos provedores, considerarase como data de pago material a data da proposta de pago definitiva formulada pola Comunidade Autónoma ou a Corporación Local, segundo corresponda.

3. Para as operacións pendentes de pago ao final do mes calcularase a cociente de operacións pendentes de pago de acordo coa seguinte fórmula:

$\Sigma$  (número de días pendentes de pago \* importe da operación pendente de pago )

rateo de operacións = \_\_\_\_\_

pendentes de pago Importe total de pagos pendentes



**CONCELLO DE OURENSE**  
**SECRETARIA XERAL**

Entenderase por número de días pendentes de pago, os días naturais transcorridos desde:

- a) A data de aprobación das certificacións de obra ata o último día do período ao que se refiran os datos publicados.
- b) A data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade cos bens entregados ou servizos prestados ata o último día do período ao que se refiran os datos publicados.
- c) A data de entrada da factura no rexistro administrativo, segundo conste no rexistro contable de facturas ou sistema equivalente, ata o último día do período ao que se refiran os datos publicados, nos supostos nos que ou ben non resulte de aplicación un procedemento de aceptación ou comprobación dos bens ou servizos prestados ou ben a factura recíbese con posterioridade á aprobación da conformidade.

Nos supostos nos que non haxa obrigación de dispoñer de rexistro contable, tomarase a data de recepción da factura no correspondente rexistro administrativo.”

Lémbrese que o concello de Ourense ten establecido o procedemento de conformidade de facturas para todos os bens ou servizos prestados polo que lle son de aplicación os apartados a) e b) de cada un dos supostos de cálculo do rateo de operacións pagadas e pendentes de pago

Aplicando a metodoloxía establecida no citado Real Decreto 635/2014 de 25 de xullo, modificado polo Real Decreto Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro, os períodos medios de pago resultantes no mes de AGOSTO de 2021 son:

|  | Concello       | Consello Municipal de Deportes (*) |
|--|----------------|------------------------------------|
| Rateo de operacións pagadas                      | 31,88          | 7,3                                |
| Importe de operación pagadas                     | 4.839.005,67 € | 125.987,72 €                       |
| Rateo de operacións pendentes de pago            | 86,35          | 26,23                              |
| Importe de operacións pendentes de pago          | 3.571.500,40 € | 328.515,73 €                       |
| PMP de cada entidade                             | 55,01          | 20,98                              |
| <b>Período medio de pago global a provedores</b> | <b>53,27</b>   |                                    |

(\*) datos proporcionados polo administrador do CMD, xúntase documentación xustificativa

No cálculo dos períodos medios de pago, tal e como establece o artigo 3 do Real Decreto 635/2014, só se terán en conta as facturas expedidas dende o 1 de xaneiro de 2014 que consten no rexistro contable de facturas e as certificacións de obra aprobadas dende a esa data. Quedan excluídas as obrigas de pago contraídas entre entidades que teñen a consideración de Administracións Públicas no ámbito da contabilidade nacional, así mesmo, quedan excluídas as obrigas de pago que foron obxecto de retención dende esta Tesourería como consecuencia de embargos, mandamentos de execución, procedementos administrativos de compensación ou actos similares ditados por órganos xudiciais ou administrativos.

Tendo en conta que o período medio de pago global resultante no Concello para o mes de AGOSTO de 2021 é de **53,27** días, estase a **incumprir** o prazo previsto na Lei 15/2010, de 5 de xul55,011o, de modificación da Lei 3/2004, de 29 e decembro, pola que se establecían as medidas de loita contra a morosidade das operacións comerciais.

A Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, establece no artigo 10: “*Os órganos ou unidades administrativas que teñan atribuída a función de contabilidade nas Administracións Públicas efectuarán requirimentos periódicos de actuación respecto ás facturas pendentes de recoñecemento de obrigas, que serán dirixidos aos órganos competentes*”.

endo en conta o sinalado, achégase como ANEXO I ó presente informe, copia do requirimento efectuado no mes de AGOSTO de 2021 dende esta Tesourería ós servizos municipais que teñen facturas sen tramitar no rexistro de facturas que tiveron entrada no rexistro xeral do Concello con antigüidade superior a 30 días, (sexa por non estar devoltas, correctamente conformadas ou por presentar algún tipo de defecto subsanable polo servizo esixido dende a Intervención), no que se solicita, á vista dos prazos establecidos pola normativa vixente para a aprobación das facturas, procedan a realizar as actuacións pertinentes que permitan a tramitación do recoñecemento das obrigas.( ANEXO I-1). Nº expediente Cividas 2021032965

Como **ANEXO II**, achégase o informe de resume xerado polo programa de contabilidade no que se recolle o importe total das operacións pagadas e as pendentes de pago correspondentes ó mes de AGOSTO de 2021 que xeraron os rateos e período medio de pago resultante para o Concello.( ANEXO II-1 e ANEXO II-2)

Como **ANEXO III**, achégase os informes de detalle e resume xerados polo programa de contabilidade no que se recollen as operacións pagadas e as pendentes de pago correspondentes ó mes de AGOSTO de 2021 que xeraron os rateos e período medio de pago resultante para o Consello Municipal de Deportes, enviados a esta Tesourería dende o Organismo Autónomo.

O Concello Pleno deuse por informado.





**CONCELLO DE OURENSE**  
**SECRETARIA XERAL**

**7.- Posta en coñecemento das modificacións do Grupo Municipal do Partido Popular correspondentes á Comisión de Pleno e ao Consello Reitor do Consello Municipal de Deportes**

O Concello Pleno dáse por informado do escrito do da voceira do Grupo Municipal do Partido Popular no que comunica a adscrición dos seguintes concelleiros en:

- **Comisión de Pleno:**

- Flora Moure Iglesias
- José Mario Guede Fernández

- **Consello Reitor do Consello Municipal de Deportes:**

- Ana María Fernández Morenza
- Eugenia Díaz Abella

SUPLENTES: Sonia Ogando Vázquez e Jorge Pumar Tesouro

**8.- Parte resolutiva**

ALCALDÍA: Dicirilles, comentarilles tamén que a Xunta de Galicia ten novas normas para o que é o tema covid, que, ao mellor, o próximo pleno estamos mirando a resolución para, ao mellor, o próximo pleno xa se podía celebrar, ao mellor, no Concello de Ourense no salón de plenos. Se a capacidade é o 90% o público non podería vir, o público da parte de arriba, pero abaixo poderíamos cumprir perfectamente con máscara e sen ningún problema todos.

Neste foro, agora mesmo como estamos aquí, mantemos o réxime que hai actual e como sucedeu, por exemplo, xa desde que comezou a pandemia no tema incluso en pleno covid, nos últimos foros da Toxa, onde ían presidentes de autonomías ou presidente do goberno aos foros, pois normalmente a persoa que fala pode sacar a máscara, neste caso, por exemplo, eu, falo sen máscara. Moitos de vostedes cando suban aquí, poden falar tamén sen máscara a persoa que fala. E tamén o moderador pode estar sen máscara. Neste caso eu fago tanto de político como tamén moderador do debate porque son o que preside o pleno, co cal eu normalmente vou estar sen máscara, tal como se permite. Dígoo porque algunha xente dime pon a máscara, non é necesario que para o que está de moderador se teña que pór a máscara durante o debate, agás, obviamente, que non se poida gardar a distancia de seguridade. Neste caso hai distancia suficiente. No pleno de Ourense si que non habería distancia de seguridade e aí, aínda que fose moderador, tería que levar máscara todo o rato ata que cambiasen as restricións.

**8.1 Modificación puntual do PXOU de 1986. Cambio de uso da parcela sita en carretera de Vigo, 1B (referencia catastral 2497004NG9826S0001DK), antigamente destinada a estación de autobuses de Ourense.**

SECRETARIO: De conformidade co informe xurídico do Servizo de Planeamento e Xestión Urbanística, con data do 8 de agosto de 2021, e a proposta que contén da Concellería de Urbanismo, con data do 12 de agosto de 2021, a Comisión de Pleno, por seis votos a favor do Grupo Municipal do Partido Popular, do Grupo Municipal de Democracia Ourenzana, do Grupo Municipal de Ciudadanos e de dona María Teresa Rodríguez Garrido, concelleira non adscrita; e catro abstencións do Grupo Municipal Socialista e do Grupo Municipal do BNG, adopta o seguinte **ACORDO**:

Ditaminar favorablemente e elevar ao Pleno a seguinte proposta:

*1º) Aprobar, a pedimento da Xunta de Galicia – Consellería de Política Social – Secretaría XeralTécnica, a Modificación Puntual do Plan Xeral de Ordenación Urbana de 1986 para o cambio de uso parcial da parcela sita na Estrada de Vigo, 1B (referencia catastral 2497004NG9826S0001DK) antiguamente destinada de xeito parcial a Estación de Autobuses de Ourense, e da súa contorna pasando as partes da mesma e da contorna cualificadas co uso de sistema xeral de transportes e comunicaciónes ós usos de sistema xeral de equipamento asistencial, sistema local de equipamento deportivo e sistema local de zonas de esparcemento e parques, segundo a documentación técnica obrante no expediente de data 12 de xullo de 2021 e co CSV FG607QL6A3T791K7.*

*2º) Ordear a publicación de dita documentación técnica no Diario Oficial de Galicia, ó abeiro do disposto nos arts. 82.2 da Lei de Galicia 2/2016 e 199.2 do seu Regulamento.*

*3º) Remitir a presente modificación puntual ó Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia, o abeiro dos arts. 88 da Lei de Galicia 2/2016 e 209 do seu Regulamento*

*Todo elo en base ós informes emitidos polo Servizo de Planeamento e Xestión Urbanística (técnicos de datas 9 de xuño de 2021 e 12 de xullo de 2021 e xurídicos de datas 10 de xuño de 2021 e 11 de agosto de 2021), que se integran no presente acordo coma motivación do mesmo e dos que se dará traslado á administración autonómica promotora mediante copia simple dos mesmos que serán achegados xunto coa notificación que diste acordo sexa practicada.*

**RÉXIME DE RECURSOS**

*Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, non pode interpoñerse recurso de reposición potestativo ante o órgano que o ditou o abeiro do disposto nos arts. 84.1 da Lei de Galicia 2/2016 e 201.1 do seu Regulamento, por tratarse dunha disposición de carácter xeral.*



**CONCELLO DE OURENSE**  
**SECRETARIA XERAL**

*Cabe interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación do mesmo ou da súa publicación, de conformidade cos artigos 8.1; 10. 1. a) e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.*

Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñerse calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

O Pleno do Concello, por trece votos a favor do Grupo Municipal do Partido Popular, do Grupo Municipal de Democracia Ourensana, do Grupo Municipal de Ciudadanos e de don Laureano Bermejo Ansia e don José Miguel Caride Domínguez, concelleiros non adscritos; e trece abstencións do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e de dona M<sup>a</sup> Teresa Rodríguez Garrido e dona M<sup>a</sup> del Mar Fernández Dibuja, adoptou o seguinte **ACORDO**: Aprobar a proposta, sen acadar a maioría necesaria para a súa aprobación.

**8.2. Expediente de modificación orzamentaria dos orzamentos do Consello Municipal de Deportes 2M/CMD/2021, utilizando a figura de créditos extraordinarios e de suplemento de créditos (Exp. 1117/2021)**

De conformidade co informe-proposta do xerente do Consello Municipal de Deportes que se incorpora ao expediente, a Comisión de Pleno, por seis votos a favor dos grupos municipais do Partido Popular, de Democracia Ourensana e Ciudadanos; e dúas abstencións dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e BNG, adoptouse o seguinte **ACORDO**:

Ditaminar favorablemente e elevar ao Pleno a seguinte proposta:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a proposta de modificación orzamentaria dos orzamentos do Consello Municipal de Deportes 2M/CMD/2021, utilizando a figura de créditos extraordinarios e de suplemento de crédito, de acordo co seguinte contido:

**A) Créditos extraordinarios que se dotan:**

| <b>Código</b> | <b>Descrición</b>                                      | <b>Importe</b>     | <b>Financiamento</b>    |
|---------------|--|--------------------|-------------------------|
| 3410-48015    | Subvención a Club Ourense Baloncesto tempada 2020/2021 | 150.000,00€        | Remanente de Tesourería |
| 3410-48016    | Subvención a Rally de Ourense 2021                     | 35.000,00€         | para gastos             |
| 3410-48017    | Subvención Federación Galega de Hockey                 | 18.000,00€         | xerais                  |
| <b>TOTAL</b>  |  | <b>203.000,00€</b> |                         |

***B) Financiamento dos créditos extraordinarios:***

***Modificación do Estado de Ingresos***

| <b>Código</b>  | <b>Descrición</b>                     | <b>Importe</b>            |
|--|---------------------------------------|---------------------------|
|  | Rmte. de Tesourería para Gtos. Xerais | 203.000,00€               |
| <b><i>Total financiamento créditos extraordinarios</i></b> |                                       | <b><i>203.000,00€</i></b> |

***C/ Suplemento de Crédito que se propón***

|            |                                    |           |   |
|------------|------------------------------------|-----------|---|
|            |                                    | 50.000,00 | Remanente de<br>Tesourería<br>para gastos<br>xerais |
| 3410-48010 | Subvencións a entidades deportivas |           |   |

***D/ Financiamento dos suplementos de Créditos:***

|  |                                       |                           |
|--|---------------------------------------|---------------------------|
|  | Rmte. de Tesourería para Gtos. Xerais | 50.000, 00€               |
| <b><i>Total financiamento suplemento de créditos</i></b> |                                       | <b><i>50.000, 00€</i></b> |

**SEGUNDO.-** Remitir a proposta ao Concello de Ourense para a súa tramitación e posterior elevación ao Pleno da Corporación para que proceda, no seu caso, a aprobación provisional da MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 2M/CMD/2021

O Pleno do Concello, por vinte e catro votos a favor do Grupo Municipal de Democracia Ourensana, do Grupo Municipal do Partido Popular, do Grupo Municipal de Ciudadanos, do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, de dona María Teresa Rodríguez Garrido, don José Miguel Caride Domínguez, dona María del Mar Fernández Dibuja e don Laureano Bermejo Ansia concelleiros non adscritos, e dúas abstencións do, do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, adoptou o seguinte **ACORDO**: Aprobar a proposta.

**8.3 Moción do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego relativa ao mantemento da programación expositiva do Museo Municipal na súa sede da rúa Lepanto nº 6**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**



## CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL

“Instar ao Goberno do Concello de Ourense a potenciar a actividade desenvolvida polo propio Museo Municipal, adquirindo o compromiso de realizar unha gran exposición ao ano, como dinamización cultural”.

“Dotar de maior persoal ao Museo Municipal (precisa dun administrativo e de conserxes) así como adoptar unha postura de respecto pola labor, tanto dos técnicos como dos programadores culturais”.

“Iniciar os trámites para adquirir o inmovible anexo ao Museo Municipal”.

Os tres parágrafos anteriores son trascripcións literais da proposta de acordo da moción presentada polo Partido Popular no pleno celebrado polo Concello de Ourense o pasado 08 de xaneiro de 2021. Acordos que foron aprobados por PsdeG-PSOE, BNG, Cs, PP e non adscritos e que contou co único voto en contra dos concelleiros de Democracia Ourensana.

Naquela altura, a concelleira Dona Sonia Ogando afirmaba en declaracións á prensa e publicadas o pasado 29 de decembro de 2020 que a moción do PP é unha resposta ao que consideran “ataques e desprezos do actual alcalde á cultura da cidade, e particularmente a un dos espazos emblemáticos da vida cultural como é o Museo Municipal situado na rúa Lepanto”.

O obxectivo de dita moción, segundo se recolle na nota informativa era instar ao concello a que potencie o Museo Municipal e se comprometa a realizar nel unha gran exposición ao ano ao tempo que reclamaban do alcalde “unha postura de respecto polo labor que desenvolven tanto os técnicos como os programadores“. Tamén afirmaba que, “se algo está claro é que a cultura e o patrimonio deben ser protexidos, ampliados e promocionados, todo o contrario ao que pretende o actual alcalde“. Así concluía a concelleira Sonia Ogando, quen segundo a nota, “censura ao alcalde por querer trasladar este espazo expositivo”.

Desde o Grupo Municipal do BNG concordamos entón con ditas manifestacións e mesmo coa moción presentada polo Grupo Popular, mais o certo é que o pasado día 09 de setembro o Goberno Local do que participa actualmente o PP anunciaba que o Museo Municipal trasladaría a totalidade da súa programación expositiva á Sala Valente para, segundo o goberno, “ter unha mellor localización e visibilidade”.

Os museos, por definición, son institucións cuxa finalidade consiste na adquisición, conservación, estudo e exposición ao público de obxectos de interese cultural. Mesmo a Lei 07/2021 de 17 de febreiro de museos e outros centros museísticos de Galiza, establece no seu artigo 3.3.A relativo ás funcións dos museos, que é función dos mesmos “a adquisición, conservación, documentación, restauración e exhibición ordenada das súas coleccións e dos seus fondos”.

Pero incluso a propia ficha técnica do Museo Municipal, na súa letra G relativa ás condicións específicas do inmovible subliña que “a alteración ou cambio de algún dos condicionantes ou parámetros especificados na ficha, ben sexan usos, alturas, fondos,

edificabilidade, ocupación, etc... ou aquelas outras que se establezan nas normas de carácter xeral, supoñen necesariamente unha modificación puntual do documento xeral, é dicir, do propio Plan Especial”.

No BNG temos a certeza de que o actual rexedor, Gonzalo Pérez Jácome quere culminar o seu propósito e pechar o Museo Municipal e xa que non o pode facer de maneira directa, faino valeirándoo de contido e facendo que pouco a pouco vaia caendo no olvido colectivo.

Ditas pretensións son un claro atentado cultural e patrimonial. Falamos dun Museo presente na guía museística e lugar de referencia tanto a nivel galego como estatal. Cunha importantísima colección de fondos e cunha programación moi activa que por desgraza e desde a chegada ao goberno de DO-PP foi perdendo protagonismo. Conta con profesionais altamente cualificados e absolutamente entregados á causa. Goza ademais do respecto e recoñecemento social por parte do conxunto da cidadanía.

Os ataques constantes á cultura pero mesmo o desmantelamento de servizos básicos para a cidadanía fan que as veciñas e veciños de Ourense estean sendo discriminados no tocante ao acceso a servizos públicos polo seu propio Goberno Local, polo goberno do seu concello, sendo ademais á administración local o primeiro lugar ao que os cidadáns se dirixen ante calquera incidencia ou problemática.

Mais debemos ter claro que as decisións que se adoptan no seo dun goberno, afectan e implican a todos os seus integrantes polo que a folla de ruta do alcalde non é exclusiva do alcalde senón de todas as concelleiras e concelleiros que comparten delegacións de competencias e polo tanto de aqueles que fechan o ollos e miran cara outro lado como se non fose con eles a cousa. Quen comparte goberno con Jácome e ampara co seu silencio as súas accións é tan culpable coma el.

A moción aprobada a instancias do PP en xaneiro ten hoxe toda a vixencia e actualidade e é por iso, que en base ao interese xeral ao que apelan continuamente e a pensar en Ourense por riba de siglas partidistas, cómpre ser firmes na defensa da programación expositiva do Museo Municipal de Ourense pois eliminar as exposicións das súas salas é, de facto, o seu desmantelamento.

Ampliar e potenciar a oferta cultural non pode consistir nun traslado expositivo senón en manter e potenciar as exposicións do Museo Municipal, en manter e ampliar as exposicións da Sala Valente así como avanzar na adquisición da denominada Casa das cadeas, ao carón do propio Museo Municipal. Todos estes espazos son compatíbeis e as veciñas e veciños de Ourense teñen dereito a disfrutar deles.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal do BNG no Concello de Ourense solicita do pleno da corporación a adoción dos seguintes

## **ACORDOS**



**CONCELLO DE OURENSE**  
**SECRETARIA XERAL**

1. Instar ao Goberno Local do Concello de Ourense ao mantemento da programación expositiva do Museo Municipal na súa sede actual sita na rúa Lepanto número 6.
2. Instar ao Goberno Local do Concello de Ourense a manter e ampliar a oferta expositiva da Sala Valente.
3. Instar ao Goberno Local do Concello de Ourense a iniciar os trámites precisos para a adquisición do inmovible situado ao carón do Museo Municipal na rúa Lepanto e coñecido popularmente como Casa das Cadeas.

**Emenda presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular**

**EMENDA DE ENGÁDEGA:**

**TEXTO INICIAL :**

- 1.- Instar ao Goberno Local do Concello de Ourense ao mantemento da programación expositiva do Museo Municipal na súa sede actual sita na rúa Lepanto número 6.
- 2.- Instar ao Goberno Local do Concello de Ourense a manter e ampliar a oferta expositiva da Sala Valente.
- 3.- Instar ao Goberno Local do Concello de Ourense a iniciar os trámites precisos para a adquisición do inmovible situado ao carón do Museo Municipal na rúa Lepanto e coñecido popularmente como Casa das Cadeas.

**ENGÁDEGA:**

- 4.- Iniciar os trámites precisos para que o actual Museo Municipal pase a ser, de xeito permanente, o Museo de Arte Contemporáneo dos Artistas de Ourense.

**NOVA REDACCIÓN FINAL:**

- 1.- Instar ao Goberno Local do Concello de Ourense ao mantemento da programación expositiva do Museo Municipal na súa sede actual sita na rúa Lepanto número 6.
- 2.- Instar ao Goberno Local do Concello de Ourense a manter e ampliar a oferta expositiva da Sala Valente.
- 3.- Instar ao Goberno Local do Concello de Ourense a iniciar os trámites precisos para a adquisición do inmovible situado ao carón do Museo Municipal na rúa Lepanto e coñecido popularmente como Casa das Cadeas.

4.- Iniciar os trámites precisos para que o actual Museo Municipal pase a ser, de xeito permanente, o Museo de Arte Contemporáneo dos Artistas de Ourense.

*O concelleiro Ucha Álvarez encóntrase ausente durante a votación.*

O Pleno do Concello, por vinte e tres votos a favor do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, do Grupo Municipal do Partido Popular, do Grupo Municipal de Ciudadanos, do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e de dona María Teresa Rodríguez Garrido, don José Miguel Caride Domínguez, dona María del Mar Fernández Dibuja e don Laureano Bermejo Ansia, concelleiros non adscritos; e dous votos en contra do Grupo Municipal de Democracia Ourensana, adoptou o seguinte **ACORDO**: Aprobar a emenda do Partido Popular.

En consecuencia, queda aprobada a moción coa redacción dada pola emenda do Grupo Municipal do Partido Popular.

#### **8.4 Moción do Grupo Municipal de Ciudadanos relativa á creación dun Consello Municipal de Turismo**

##### **Exposición de motivos:**

As últimas cifras de visitantes que se achegan á nosa cidade amosan un incremento considerable con respecto a outros anos. Así, ao longo de xullo pasaron pola Oficina de Turismo 5.381 persoas, o que supón un claro aumento con respecto ao mesmo mes do ano anterior (2.438), e é claramente superior mesmo aos de xullo do ano 2019 e 2018, sen a existencia do coronavirus.

Este balance positivo esixe, como administración local, que traballemos en conxunto para ser un destino atractivo ante os cambios que tamén experimenta este sector, provocados, sobre todo, polos novos hábitos de consumo dos turistas (estancias máis longas e en familia). O punto de partida ten que ser a aposta por un turismo excelente e sostible, pero respectando a calidade de vida dúas nosos residentes.

Temos unha cidade cun entorno natural envexable, cunha gastronomía recoñecida, cun patrimonio histórico inigualable e co termalismo como elemento diferenciador. Todo isto fai que Ourense poida converterse nun destino de referencia a nivel nacional e internacional. Por iso, debemos ver ao turismo como unha actividade económica que presenta cada vez, de xeito máis recoñecido, unha notable importancia non eido local, polo achegue de ingresos e de xeración de novas iniciativas empresarias e, polo tanto, de





## CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL

crecemento de emprego, ademais de converterse nun motor de desenvolvemento de outros sectores económicos.

Para o noso grupo municipal, o fomento dun turismo de calidade e sostible debe ser un dos piares estratéxicos da política municipal, como un dos factores fundamentais para a mellora e desenvolvemento da economía local, pero desde Ciudadanos queremos ir máis aló, e cremos que é necesario crear un Consello Municipal de Turismo, como ou órgano consultivo e de participación para sentar as bases dá estratexia a desenvolver nos vindeiros anos contando coa participación e as achegas dos axentes implicados neste sector os que lle queremos dar voz.

Ademais, tamén existen outras clases de turismo que poderían ser interesantes para a cidade, como o turismo de congresos, xa que ao ano celébranse máis de 5.000 no noso país e que tiveron unha repercusión económica de máis de 6.000 millóns de euros no último ano. A súa importancia non só radica na celebración destas reunións, senón tamén que é unha forma de dar a coñecer a nosa cidade para que poidan repetir a súa visita.

Neste sentido, parécenos fundamental que Ourense forme parte da rede de entidades locais que agrupa aos destinos de congresos, a Spain Convention Bureau, que axuda na xestión e planificación deste tipo de eventos. Xa son 57 destinos, entre os cales están varias cidades galegas, como Santiago, A Coruña, Pontevedra ou Vigo.

Ourense non debe quedarse atrás xa que conta coas instalacións necesarias (Auditorio Municipal, Expourense e diversas salas no centro da cidade) para celebrar este tipo de actividades e converterse nun destino atractivo para este tipo de reunións e aproveitar os beneficios que conleva.

### **Proposta para a súa aprobación:**

*1.- Instar ao equipo de goberno a crear o Consello Municipal de Turismo coa finalidade de desenvolver un plan integral de desenvolvemento e fomento turístico para os vindeiros anos dando voz a todas as partes implicadas.*

*2.-Instar ao equipo de goberno a adherirse á Rede de Cidades de Congresos, a Spain Convention Bureau, como punto de partida para atraer á nosa cidade a celebración de distintos eventos ou congresos.*

*O señor Rúas Araújo encóntrase ausente na votación.*

O Pleno do Concello, por vinte e dous votos a favor do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, do Grupo Municipal do Partido Popular, do Grupo Municipal de Ciudadanos, do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e de dona María Teresa Rodríguez Garrido, don José Miguel Caride Domínguez, dona María del Mar Fernández Dibuja e don Laureano Bermejo Ansia, concelleiros non adscritos; e tres abstencións do Grupo Municipal de Democracia Ourenzana, adoptou o seguinte **ACORDO**: Aprobar a moción.

### **8.5 Moción do Grupo Municipal de Ciudadanos relativa ás festividades do mes de novembro**

#### **Exposición de motivos:**

Nas pasadas eleccións municipais, Ciudadanos apostou, no seu programa electoral, por potenciar a cultura e poñela ao alcance de todos. Falabamos de revitalizar o ciclo festivo da cidade e converter novembro no mes por excelencia das festas de Ourense xa que contamos cos elementos necesarios para poder facelo.

En novembro teñen lugar eventos deportivos, culturais, ou puramente gastronómicos como o Magosto de Ourense, declarada Festa de Interese Turístico de Galicia e que ten lugar cada ano coincidindo coas festas de San Martiño, patrón da cidade, e onde a gastronomía xoga un papel fundamental para a economía local non só para potenciar a hostalería senón tamén para todos os provedores e produtores de proximidade.

A maiores, dentro deste espazo, poderían converxer todo tipo de actividades teatrais, musicais ou tradicionais, recuperando eventos como o Outono Fotográfico, que durante anos foi un festival de referencia, e tamén se podería dar cabida a novas actividades culturais. Sería un mes onde non habería ningunha outra oferta comparable, e que podería redescubrir a nosa cidade a unha multitude de visitantes doutros puntos da provincia, de Galicia e do resto de España e Portugal que descoñecen a nosa gastronomía, tradicións e festas.

Todo iso sen mencionar o efecto dinamizador que para a economía local da cidade tería unha programación ao longo do mes de novembro no que tamén se podería presumir das catro denominacións de orixe organizando actividades relacionadas co sector do viño, e que servirían de escaparate do que Ourense pode ofrecer ás portas das festas do Nadal.

Ao mesmo tempo, a oferta termal, aínda que nestes momentos atópase paralizada, podería ser a pedra angular que unise unha variada oferta de actividades, sen esquecer o evento deportivo por excelencia da nosa cidade, a exitosa carreira pedestre de San Martiño coñecida internacionalmente e que pode ser a escusa perfecta para que os participantes e as súas familias decidan alongar a súa estancia e gozar das nosas festas.



## CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL

Para o noso grupo municipal, o fomento dun turismo de calidade e sostible debe ser un dos piares estratéxicos da política municipal, como un dos factores fundamentais para a mellora e desenvolvemento da economía local, pero queremos ir máis aló e por iso queremos converter o mes de novembro, nun mes de festividades e alongar a tempada de turismo. Así, Ourense contaría con tres épocas fortes en canto a turismo; a tempada estival, o Outono con novembro como referencia e por suposto o mes de Entroido.

### **Proposta para a súa aprobación:**

*1.-Instar o goberno municipal a promover o mes de NOVIEMBRO como o mes das grandes festas da cidade en honra a San Martiño cun cartel no que teñan cabida todo tipo de actividades culturais, deportivas e gastronómicas.*

*Os concelleiros Pumar Tesouro e Moure Iglesias do Grupo Municipal do Partido Popular abandonan a sesión plenaria.*

*A concelleira non adscrita Fernández Dibuja encóntrase ausente na votación.*

O Pleno do Concello, por vinte e un votos a favor do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, do Grupo Municipal do Partido Popular, do Grupo Municipal de Democracia Ourensana, do Grupo Municipal de Ciudadanos e de dona María Teresa Rodríguez Garrido, don José Miguel Caride Domínguez e don Laureano Bermejo Ansia, concelleiros non adscritos; e dúas abstencións do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, adoptou o seguinte **ACORDO**: Aprobar a moción.

**INCIDENCIAS.-** De conformidade co disposto no artigo 86.2.h) do Regulamento Orgánico de Goberno e Organización do Pleno e a Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións do Concello de Ourense faise constar que o Sr. Araújo Fernández na segunda intervención utilizou un dispositivo telefónico que situou xunto ao micrófono co obxecto de ser escoitado polos asistentes, pero que non queda recollido na acta ao non se tratar dunha intervención prevista no citado precepto regulamentario.

### **8.6 Moción de don Laureano Bermejo Ansia, concelleiro non adscrito, sobre o uso das tarxetas de aparcamento para as persoas con mobilidade reducida**

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En 1998 a Unión Europea ditou unha Recomendación aos Estados membros sobre a creación dunha tarxeta de aparcamento para as persoas con mobilidade reducida. Esta tarxeta permite á persoa con discapacidade (ou, se non conduce, ao condutor que lle acompañe) a aparcarse sen ser sancionada nas zonas restrinxidas de todos os países e municipios. Así mesmo propón un modelo único de tarxeta para todo o ámbito europeo

O Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade aprobou e publicou o Real Decreto 1056/2014, do 12 de decembro, polo que se regulan as condicións básicas de emisión e uso da tarxeta de estacionamento das persoas con discapacidade. Este Real Decreto entrou en vigor o 24 de decembro de 2014 e nel establécense as condicións básicas aplicables á tarxeta de estacionamento de vehículos para persoas con discapacidade que, ademais, teñan recoñecida mobilidade reducida.

A tarxeta de estacionamento é un documento público acreditativo do dereito das persoas que cumpran os requisitos establecidos que permite ao seu titular o estacionamento dos vehículos en que se despracen o máis preto posible do lugar de acceso ou de destino.

A Lei 10/2014, de 3 de decembro, de Accesibilidade, establece no seu artigo 8 «1. En todas as zonas destinadas ao estacionamento de vehículos lixeiros, estean situadas en superficie ou subterráneas, que se sitúen en vías ou espazos de uso público reservaranse, con carácter permanente e tan preto como sexa posible dos accesos peonís, prazas debidamente sinalizadas para vehículos que transporten persoas con mobilidade reducida; como mínimo, reservaranse unha de cada corenta prazas ou fracción. O número total destas prazas non se verá afectado polas políticas restritivas do aparcamento que leven a cabo para fomentar a mobilidade sostible». Se ben é certo que as prazas existentes no noso Concello atópanse dentro de dito ratio as mesmas non son suficientes xa que o noso municipio é capital de provincia e moitas persoas vense obrigadas a trasladarse diariamente para facer diversos trámites sendo, polo tanto, necesario o incremento das prazas existentes.

Por todo o exposto,

## **SOLICITO**

**Primeiro.-** Modificación do artigo 85 da Ordenanza Municipal de Tráfico e Circulación quedando redactado co seguinte teor literal:

### **Artigo 85.**

1.- A tarxeta de estacionamento para persoas con mobilidade reducida permite ao seu titular, dentro das vías públicas de competencia municipal en canto ó tráfico no termo municipal de Ourense, as seguintes operacións de estacionamento e detención:

- a) Estacionamento nas reservas especiais creadas para persoas con mobilidade reducida.
- b) Estacionamento durante trinta minutos como máximo nas reservas de carga e descarga existentes na vía pública, conforme á Ordenanza e sinalización correspondente.
- c) Parada do vehículo na vía pública, sempre que se cumpran as seguintes condicións:
  - Non se obstaculice gravemente o tráfico.
  - Non se sitúen nas paradas de autobús público.



**CONCELLO DE OURENSE**  
**SECRETARIA XERAL**

- O estacionamento sexa paralelo ó bordillo.
  - Non se dificulte a visibilidade nas esquinas, curvas ou cambios de rasante.
  - Non se impida total ou parcialmente un paso de peóns sinalizado.
- d) Estacionamentos en calquera reserva oficial, cando sexa para a realización de algunha xestión en Organismo Público, agás nas habilitadas para Seguridade Pública e durante o tempo máximo de quince minutos.
- e) Estacionamento en calquera praza das zonas ORA sempre que nese momento non se atope ningunha praza de estacionamento sinalizada dispoñible.

2.- Os vehículos de dúas rodas, xa sexa motocicletas, ciclomotores ou bicicletas, estacionarán nos espazos especificamente reservados ao efecto. No suposto de que non os houbera, sempre que estea permitido o estacionamento, poderán estacionar na calzada xunto á beirarrúa en forma oblicua a esta e ocupando unha anchura máxima dun 1,30 metros, de forma que non se impida o acceso a outros vehículos ou o paso dende a beirarrúa a calzada.

**Segundo.-** Modificación do artigo 15 da Ordenanza Reguladora do Servizo de Ordenación e Regulación do Aparcamento do Vehículos na vía pública (O.R.A.).

Artigo 15.- As tarifas a aplicar serán as que se fixen na Ordenanza fiscal vixente.

Quedan excluídos do pagamento de prezo público os seguintes vehículos:

- As motocicletas, ciclomotores e bicicletas
- Os vehículos estacionados en zonas reservadas para a súa categoría ou actividade.
- Os vehículos auto-taxi cando o conductor este presente.
- Os vehículos en servizo oficial, debidamente identificados, propiedade de Organismos do Estado, Comunidade ou municipio, destinados directa e exclusivamente á prestación de servizos.
- Os vehículos de representacións diplomáticas acreditadas en España, extremadamente identificados.
- Os vehículos destinados á asistencia sanitaria, debidamente identificados.
- Os vehículos que exhiban tarxeta para persoas con mobilidade reducida.

Terceiro.- Repintado e, de ser o caso, instalación de senalización horizontal e vertical cō símbolo internacional da accesibilidade nas prazas destinadas para este fin.

ALCALDÍA: Imos agora coa moción 8.6 pero tamén coa moción 8.8. A moción 8.6 vaina defender e expor un non adscrito, que é Laureano Bermejo, e a 8.8 é do BNG.

*As moción 8.6 e 8.8 da orde do día debátense conxuntamente, procedendo á súa reenumeración.*

O Pleno do Concello, por unanimidade dos presentes, adoptou o seguinte **ACORDO:** Aprobar a moción.

### **8.7 Moción do Grupo Municipal do BNG relativa á autorización de estacionamento dos vehículos acreditados coa tarxeta de estacionamento para persoas discapacitadas fóra das prazas especificamente reservadas a tal fin**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Resulta evidente que as persoas con discapacidade e problemas de mobilidade atópanse nunha clara desvantaxe respecto ás demais persoas á hora de realizar un elevado número de actividades da vida cotiá, tendo especial relevancia, as dificultades á hora de acceder en condicións de igualdade aos espazos e servizos públicos. Velaí a necesidade de artellar mecanismos que minimicen ditas dificultades e permitan a estas persoas desenvolverse con maior liberdade.

Non debemos esquecer tampouco a situación vital e económica das mesmas pois na maioría das ocasións, o día a día dunha persoa con mobilidade reducida xa de por sí supón un plus á hora de cubrir as súas necesidades, como por exemplo, o custe dos apoios e axudas técnicas dunha cadeira de rodas entre outros.

No relativo aos estacionamentos tanto en vía pública como mesmo en recintos pechados sexan estes públicos ou privados, xa no ano 1997 a Unión Europea ditou unha recomendación aos Estados membros para a creación dunha tarxeta de aparcamento para persoas con discapacidade. Dita tarxeta permite que tanto as persoas con discapacidade como de ser o caso, o conductor ou conductora que os acompañe, poidan aparcar nas zonas habilitadas dentro dos Estados membros e independentemente do municipio no que se atopen.

Amais do anterior, debemos salientar o feito de que as Comunidades Autónomas teñen competencias sobre accesibilidade e de feito foron aprobando, ao longo do tempo, diferentes disposicións reguladoras tanto do réxime xurídico aplicable a estas tarxetas, como sobre os dereitos dos seus titulares e mesmo sobre os procedementos de obtención.

Se falamos da lexislación galega, debemos citar os artigos 27 e 28 da lei 8/1997 de 20 de agosto de Accesibilidade e supresión de barreiras en Galiza, así como os artigos 50 e 53 do Decreto 35/2000 de 28 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento e Execución da Lei de Accesibilidade e Supresión de Barreiras de Galiza.



## CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL

Se baixamos un chanzo máis e miramos cara o propio Concello de Ourense, non atopamos normativa específica máis alá da Ordenaza Reguladora da expedición das tarxetas para persoas con discapacidade ou da Ordenaza Reguladora do Servizo de Ordenación e Regulación do Aparcamento de Vehículos na Vía Pública, máis coñecida como O.R.A.

Esta última é unha ordenanza aprobada polo pleno do concello o 10 de novembro de 1988 e publicada no BOP de 04 de maio de 1989 e cúa última modificación data do 28 de xaneiro de 2004.

Ao logo de todo o termo municipal e ao longo dos últimos anos, intensificáronse os traballos para dotar a todos os barrios e zonas periféricas de prazas reservadas para o aparcamento exclusivo de persoas con discapacidade mesmo instaurando prazas próximas aos domicilios das persoas demandantes da tarxeta de estacionamento. Actualmente e segundo os datos facilitados pola Policía Local, o termo municipal do Concello de Ourense dispón de 227 prazas.

Sudece algo moi similar en infraestruturas tanto públicas como privadas. Se ben é certo, en ocasións, as persoas con discapacidade e acreditadas para poder estacionar en ditas prazas atópanse coa circunstancia de non poder facelo pois as prazas sinalizadas xa se atopan ocupadas por outros usuarios tamén con autorización.

É neste punto onde xorde a problemática. Persoas que vense na obriga de aparcarse en prazas de uso libre e teñen que abonar o pagamento correspondente. Ben é certo que actualmente nin os axentes reguladores do servizo nin a propia Policía Local está esixindo dito abono, pese a ter unha autorización para o uso de prazas exclusivamente reservadas para eles pero que en ocasións resultan insuficientes dependendo da zona na que nos atopemos.

Ante esta problemática preséntanse dúas alternativas, ou ben aumentar o número de prazas reservadas para as persoas discapacitadas, aumento que en todo caso nunca garante ter acceso ás mesmas, ou pola contra empregar a fórmula que xa están pondo en marcha moitos concellos ao longo de todo o Estado.

Dita solución consiste en permitir que as persoas acreditadas coa tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade poidan empregar prazas de uso libre sempre e cando as reservadas a tal fin estean ocupadas pero sen ter que abonar o recibo correspondente por estar nunha zona O.R.A., algo que urxe plasmar na Ordenanza reguladora.

Cómpre destacar, para ser xustos, que non todos os concellos actúan da mesma maneira e dependendo a cal nos refiramos, observaremos máis ou menos limitacións. En todo caso, en cidades como Alicante, Barcelona, Bilbo, Burgos, Cáceres, Castelló, Donosti, Xixón, Huesca León, Madrid, Málaga ou Murcia xa contemplan a posibilidade de poder estacionar en zona O.R.A. sen ter que abonar o recibo por un tempo máximo determinado ou mesmo de poder ocupar, igualmente por un tempo prudencial, as zonas de carga e descarga, zonas de aparcamento restrinxido e nalgúns casos mesmo nas paradas de buses.

Dentro do país, atopamos o exemplo de boas prácticas no que a facilitar o día a día das persoas con mobilidade reducida se refire, en Santiago de Compostela, de feito, Compostela pode ser un exemplo, pois segundo sabemos a día de hoxe xa están a implementar este tipo de accións que podemos considerar de "discriminación positiva" en relación ao colectivo do que falamos.

A finalidade non é outra que aportar facilidades a un colectivo que como espuxemos ao inicio desta moción conta con claras desvantaxes en relación ao resto de usuarios co obxectivo de facilitarlles deste xeito a súa vida cotiá.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal do BNG no Concello de Ourense solicita do pleno da corporación a adoción dos seguintes

## **ACORDOS**

- 1.** Instar ao Goberno Local a realizar as modificacións normativas precisas co fin de permitir que as persoas posuidoras da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade poidan ocupar prazas incluídas no servizo de estacionamento regulado (O.R.A.) durante o tempo que así se determine sen ter que abonar o recibo e sempre e cando todas as prazas da contorna reservadas ás persoas con discapacidade se atopen ocupadas por vehículos igualmente autorizados.
- 2.** Instar ao Goberno Local a avaliar e aumentar o número de prazas reservadas ás persoas posuidoras da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade nas proximidades de edificios e instalacións públicas.
- 3.** Instar ao Goberno Local a eliminar a limitación temporal existente de 3 horas de ocupación das prazas reservadas ás persoas posuidoras da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade en centros sanitarios e servizos públicos en xeral.

*As moción 8.6 e 8.7 da orde do día debátense conxuntamente, procedendo á súa reenumeración*

O Pleno do Concello, por unanimidade dos presentes, adoptou o seguinte **ACORDO:** Aprobar a moción.

**8.8 Moción do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE para instar ao Concello de Ourense e ao Ministerio de Fomento a realizar de maneira urxente todas as xestións necesarias para acadar a execución real e efectiva do proxecto do bulevar termal de Ourense**

## **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**





## CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL

A inicios do mes de setembro facíase pública por parte do Goberno de España a licitación do primeiro tramo da chamada **Variante Norte de Ourense**, despois de 30 anos bloqueada e paralizada. Un feito histórico para a nosa cidade, unha das eternas promesas incluídas sistematicamente nos Orzamentos do Estado que por fin ve a luz grazas ao actual executivo socialista.

As obras nesta autovía de circunvalación cuxa execución será inmediata, e que permiten liberar ao seu remate o trazado da N-120, abarcan unha lonxitude de 1,7 quilómetros dende o acceso norte da autovía A-52 Rías Baixas, que na actualidade está configurada por dúas calzadas paralelas con dous carrís de dobre sentido. A execución permitirá a conexión coas calzadas existentes e enlazará coa estrada nacional no seu punto quilométrico 572, onde se habilitará un enlace provisional na primeira fase para a continuidade do tráfico e ata a execución da segunda.

O primeiro tramo licitado inclúe un viaduto sobre a N-120 e a liña ferroviaria Monforte de Lemos-Vigo, outra nova ponte sobre o río Porto e dous pasos inferiores baixo o tronco da vía e baixo un dos ramais de Quintela.

**Este impulso definitivo á Variante Norte de Ourense na terceira cidade de Galicia debe ir complementado da recuperación do proxecto de construción do Bulevar Termal, porque estamos ante unha oportunidade histórica para a reordenación dunha das fachadas principais de entrada a Ourense e é de extrema de urxencia unha actuación global de optimización e impulso definitivo do modelo termal da cidade e do seu entorno máis significativo.**

O **Bulevar Termal** foi unha das propostas estrela que o PSdeG-PSOE de Ourense presentou xa no primeiro semestre do ano 2011, hai unha década, e na que xa conta con moito traballo avanzado; **unha iniciativa encamiñada a dotar de infraestruturas de comunicación o proxecto termal da cidade e que pode converter a zona na gran avenida urbana de Ourense, con acceso limitado de coches en Código 30, con zona arborada, carril bici e aparcadoiros.**

O bulevar terá 2 quilómetros de lonxitude, aproximadamente, sobre un treito da N-120 que discorre paralelo á marxe dereita do río Miño e que comunicaría a Zona Termal da Chavasqueira coa de Outariz, con saídas ás distintas instalacións da zona, como son: O Tinteiro, as Pozas do Muíño da Veiga e a zona de Quintela-Eirasvedras.

Unha solución óptima e de calidade cuxo obxectivo sería corrixir as dificultades de acceso do actual paseo fluvial, só apto para peóns e ciclistas, e integrar as termas públicas na cidade, ampliando a súa accesibilidade a toda a poboación, ademais de converterse nunha infraestrutura básica para o futuro desenvolvemento balneario e hoteleiro da zona.

A sinatura **do Protocolo co Ministerio de Fomento en novembro de 2011 para asumir a titularidade do ramal sur da N-120** por parte do anterior Goberno Socialista de Ourense presidido por Francisco Rodríguez e co Ministro de Fomento no seu día, José Blanco; a adxudicación do **Anteprojecto de remodelación do ramal sur da N-120**, antiga carretera de Vigo por un importe aproximado de 70.000 € tamén no ano 2011, ou o **Proxecto de Remodelación do ramal sur da N-120: Ronda Termal** entregado ao Concello de Ourense o 15 de Xaneiro de 2012 (cun custe estimado de execución material de 6.855.110,77 € e un orzamento de licitación de **9.870.674,00 €**);

foron as primeiras pedras para o desenvolvemento do bulevar termal na cidade, o cal ata hoxe se atopa paralizado e metido nun caixón pola falta de vontade política do anterior goberno de España do PP para darlle continuidade e tamén polos gobernos da cidade dende 2015 ata a actualidade (PP-DO), para os que nunca foi unha prioridade.

En maio de 2013, a Secretaria de Estado de Turismo, Isabel Borrego, ante as preguntas da deputada do PSOE no Congreso, Laura Seara, sobre o Bulevar Termal, afirmaba que “non había dispoñibilidade orzamentaria pero que non renunciaban a executalo”.

En decembro de 2014, o Executivo de Mariano Rajoy cambiaba de postura e manifestaba que non cedería a N-120 ao Concello ata que se executara a Variante Norte.

A idea orixinal, paralizada polos gobernos do PP, era a sinatura dun convenio a posteriori que financiaría integramente o Ministerio de Fomento a través da Demarcación Territorial de Carreteras de Galicia, a cal se mostrou no seu día “extraordinariamente receptiva” cando se lles presentou dito proxecto, e que incluíría a cesión do vial ao Concello, que o recepcionaría pasando a formar parte do rueiro da cidade.

Neste momento, en pleno ano 2021, e ante a dispoñibilidade e idoneidade deste proxecto para o seu posible financiamento con cargo ao **Mecanismo de Recuperación e Resiliencia do programa Next Generation da Unión Europea posto en marcha polo Goberno de España**, consideramos primordial que dende o Concello de Ourense se poñan en marcha xa todos os mecanismos necesarios para acadar que por fin se faga realidade. Este gran proxecto pode transformar por completo as beiras do río Miño, recuperar a nosa riqueza termal e turística, hoxe totalmente denostada, e transformar un espazo urbano de referencia nunha icona para a nosa cidade. Non aproveitar esta gran oportunidade tería graves consecuencias no futuro, sumindo na parálise o desenvolvemento urbanístico, termal, económico e turístico desta área de gran afluencia para veciños, veciñas e turistas.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista presenta neste Pleno, para a súa aprobación, as seguintes propostas de **ACORDOS**:

1. **Instar ao Goberno Municipal a que de maneira urxente se proceda á sinatura do Convenio entre o Concello de Ourense e o Ministerio de Fomento para a cesión de titularidade do ramal sur da estrada N-120 para o futuro desenvolvemento do proxecto do Bulevar Termal de Ourense.**
2. **Instar ao Goberno Municipal a poñer en marcha de maneira urxente todos os mecanismos necesarios para que o proxecto da construción do Bulevar Termal poida optar ao seu financiamento a través dos fondos europeos Next Generation da Unión Europea.**
3. **Instar ao Concello de Ourense e o Ministerio de Fomento a que, en caso de que o proxecto de construción do Bulevar Termal de Ourense non acade o dito financiamento a través dos fondos europeos, se comprometan as partidas económicas necesarias nos vindeiros Orzamentos 2022 e posteriores para que se poida executar e**



**CONCELLO DE OURENSE**  
**SECRETARIA XERAL**

**facer realidade este proxecto estratéxico e de futuro para a nosa cidade.**

**Emenda presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular**

**EMENDA DE SUBSTITUCIÓN:**

**TEXTO INICIAL :**

1. Instar ao Goberno Municipal a que de maneira urxente se proceda á sinatura do Convenio entre o Concello de Ourense e o Ministerio de Fomento para a cesión de titularidade do ramal sur da estrada N-120 para o futuro desenvolvemento do proxecto do Bulevar Termal de Ourense.
2. Instar ao Goberno Municipal a poñer en marcha de maneira urxente todos os mecanismos necesarios para que o proxecto da construción do Bulevar Termal poida optar ao seu financiamento a través dos fondos europeos Next Generation da Unión Europea.
3. Instar ao Concello de Ourense e o Ministerio de Fomento a que, en caso de que o proxecto de construción do Bulevar Termal de Ourense non acade o dito financiamento a través dos fondos europeos, se comprometan as partidas económicas necesarias nos vindeiros Orzamentos 2022 e posteriores para que se poida executar e facer realidade este proxecto estratéxico e de futuro para a nosa cidade.

**SUBSTITUCIÓN:**

- 1.- Instar ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana para que retome as negociacións encaminadas á sinatura do convenio entre o Concello de Ourense e o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana para a cesión da titularidade do ramal sur da estrada N-120 para o futuro desenvolvemento do proxecto do Bulevar Termal de Ourense.

**NOVA REDACCIÓN FINAL:**

- 1.- Instar ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana para que retome as negociacións encaminadas á sinatura do convenio entre o Concello de Ourense e o Ministerio de Transporte, Mobilidade e Axenda Urbana para a cesión da titularidade do ramal sur da estrada N-120 para o seu futuro desenvolvemento do proxecto do Bulevar Termal de Ourense.
2. Instar ao Goberno Municipal a poñer en marcha de maneira urxente todos os mecanismos necesarios para que o proxecto da construción do Bulevar Termal poida optar ao seu financiamento a través dos fondos europeos Next Generation da Unión Europea.

3- Instar ao Concello de Ourense e o Ministerio de Fomento, no caso de que o proxecto de construción do Bulevar Termal de Ourense non acade o dito financiamento a través dos fondos europeos, se comprometan as partidas económicas necesarias nos vindeiros Orzamentos 2022 e posteriores para que se poida executar e facer realidade este proxecto estratéxico e de futuro para a nosa cidade.

*A concelleira Reza Álvarez abandona da sesión plenaria ás 13.41 horas.*

O Pleno do Concello, por unanimidade dos presentes, adoptou o seguinte **ACORDO**: Aprobar a emenda do PP.

En consecuencia, apróbase a moción coa redacción dada pola emenda do Grupo Municipal do Partido Popular.

### **8.9 Moción do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE para frear o deterioro e rexenerar a Casa de Baños de Outeiro e a súa contorna**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A historia da Casa de Baños de Outeiro reflicte a evolución sincopada e descontinua de Ourense, unha cidade que naceu e medrou arredor de mananciais termais, estendéndose de xeito desordenado a base de engadidos sobre espazos baleiros, deixándoa orfa dunha orde común<sup>1</sup>.

A construción obxecto desta moción aséntase nun lugar privilexiado: sobre un xacemento de auga termal e mineromedicinal que xorde a 40-45 graos centígrados, e cuxa orixe se remonta á época romana da capital das Burgas.

Achegándonos á era contemporánea, a Casa de Baños de Outeiro estaba preto da Casa de Baños La Moderna, na veciña rúa do Rastro, da que só quedan ruínas e mananciais, e que operara cos nomes de Baños de Santa Lucía, Baños del Inválido ou Baños de San Lázaro, sendo explotada en 1850 por Ignacio Saenz, e dende o os anos 20 do pasado século por Rosendo Varela.

Aqueles foron anos de esplendor termal, con anuncios nos xornais adornados de imaxes fermosas, e de textos coma o seguinte:

*“Casa de Baños el Outeiro de Orense. Las aguas MEDICINALES de estas termas gozan de un crédito inmemorial, siendo recomendadas por la clase médica, debido a sus*

---

<sup>1</sup> Baseado no traballo de fin de máster de Prieto De Soto, A. (2019) *Rehabilitación Sostenible: Os Baños de Outeiro*. Máster Universitario en Rehabilitación Arquitectónica, Escola Técnica Superior de Arquitectura de A Coruña.



## CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL

*maravillosos resultados en la curación del REUMA ARTICULAR, GOTOSO, CRÓNICO Y AGUDO: ARTRITISMO Y ENFERMEDADES DE LA PIEL. Además de contar con todos los adelantos modernos que la ciencia médica aconseja, cuenta con jardines y amplio salón para recreo de los señores bañistas, siendo los cuartos de baños, chorros y duchas CERRADOS COMPLETAMENTE hasta el techo y muy ventilados. El servicio de mantas y toallas son muy económicos, y si el baño cuesta unos céntimos más que en otras casas similares, es debido a que solamente se emplea en los baños aguas MEDICINALES, propias de sus MANANTIALES...”*

A construción orixinal que albergou as primitivas pozas foi impulsada, en 1835, pola Sociedad Económica de Amigos del País (entidade burguesa con fins sociais, dedicada á realización de actos benéficos, corridas de touros, festexos, recitais e eventos culturais)<sup>2</sup>.

Co tempo, a edificación medrou sen tino, creándose un verdadeiro “galimatías”, como o definiu Maribel Outeiriño nun artigo publicado en 2013 no diario La Región<sup>3</sup>. En concreto, o conxunto arquitectónico desta casa de baños ocupa unha extensión de 1.800 metros cadrados e acolle tres pezas: a máis antiga, que foi vivenda dos propietarios e pensión de agüistas de fóra da cidade, a que contén os baños máis modernos, e a máis valorosa, unha vivenda unifamiliar creada –en 1906– por Daniel Vázquez-Gulías, a petición de Carmen Mileo, cunha fermosa fachada neogótica e aparencia de pequena vila, tapando as outras dúas.

Carmen herdou o negocio termal do seu pai, o italiano Genaro Mileo, que viñera a Ourense atraído por un parente que residía na cidade, e adquirira a casa orixinal a Manuel Nóvoa, que foi titular da mesma tras un proceso de desamortización de 1869. Esta herdeira alugou a Casa de Baños de Outeiro a Patricio Martín ata 1938, para retomala ela mesma e modernizala con belas bañeiras de mármore e *grifería*, pasando logo a xestión ao seu fillo – o médico Emilio Santamarina–, e este aos seus descendentes ata 2012, ano no que pechou as portas por problemas burocráticos co Concello.

Tras isto, o abandono e a desidia municipal. A día de hoxe, esta edificación atópase en estado de completo abandono, nunha rúa sen saída que se utiliza como remedo de gris aparcamento. Non está en mellor situación a contorna, plena de maleza e lixo. O interior é fogar de *okupas* en situación de exclusión social, ameaza ruína e nada queda das rechamantes billas, das balaustradas que embelesaban aos bañistas ou da maquinaria antiga empregada nos tratamentos de hidroterapia. Nada mellor se pode dicir das portas esnaquizadas, nin do tellado a piques de derrubo que cubre a zona das bañeiras completamente deterioradas.

A ruína de tan emblemático lugar é o espello da ruína da cidade. Unha capital de provincia que esquece, maltrata e desvaloriza o seu patrimonio, historia e cultura.

---

<sup>2</sup> Somoza Medina, J. (2001). *Desarrollo urbano en Ourense. 1895-2000*. Tese de Doutoramento: USC.

<sup>3</sup> <https://www.laregion.es/articulo/ourense/outeiro-epoca-gloriosa-banos/20130407094003001842.html>

Debemos preguntarnos que foi dunha cidade que usou a auga das termas para xerar riqueza e emprego, caso de Francisco Conde Valvís<sup>4</sup>, que aproveitou as augas quentes para un negocio de curtidoría ou para dotar de máximas comodidades ao Parador del Centro na antiga estrada de Villacastín a Vigo (hoxe rúa do Progreso). A desfeita é total no ámbito termal, coa piscina das Burgas pechada *sine die*, de igual xeito que acontece coas instalacións termais municipais a carón do Miño, ou coas que desapareceron baixo as lapas como a Chavasqueira ou mesmo a instalación hostaleira das Pozas de Maimón. Co hercúleo esforzo que constitúe non-facer-nada, o goberno municipal fai día a día realidade o slogan “Ourense *bluff* termal”, santo e sinal dun alcalde ao que o propio PP tachou de letal.

Chegados a este punto, non esquezamos que ignorar o acordo plenario do pasado 9 de xuño, que incluía, a proposta do Grupo Socialista, a compra doutra construción destacada de Daniel Vázquez-Gulías –a Casa Taboada–, é, asemade, unha proba adicional de retroceso democrático, así como de camiño cara o abismo sociocultural en Ourense.

É tempo de mudar este rumbo, de superar a parálise, de aportar, ou de apartar a quen non contribúe ao ben común. É hora de dar sentido ao progreso, de tomar decisións no ámbito termal.

A rexeneración da Casa dos Baños na Rúa de Outeiro e da súa contorna en plena decadencia debe ser o primeiro paso nesta nova dirección, superando eivas de antonte coma a falla de compás, atopando –agora si– a agulla de marear que guíe o cambio de políticas municipais.

Seguindo as consideracións dos especialistas, o posible novo curso podería comezar por respectar ao máximo este espazo protexido e, por tanto, a singularidade das 3 pezas arquitectónicas disonantes, pois son proba do devir histórico ourensán.

A continuación, procede actuar sobre a edificación de xeito inmediato e cunha visión de conxunto sobre o espazo abandonado do que forma parte, en pleno centro da cidade, para superar o efecto de desconexión actual que ocasiona entre os diferentes barrios e o centro urbano, así como barreira que exerce a respecto do casco histórico. Para lograr estas metas podería realizarse unha conexión lonxitudinal de norte a sur a carón do Barbaña, e outra transversal conectando o núcleo da cidade co barrio de O Couto e as Camelias, por exemplo.

Actuar sobre a Casa dos Baños de Outeiro non debe ser unha intervención puntual, senón expandirse aos edificios e parcelas lindeiros, como o antigo cárcere, que podería abarcar funcións de hospedaxe e elementos de maior escala termal, dedicándose a rehabilitada Casa de Baños a espazo complementario dun complexo maior.

Estas e outras moitas accións son só unha mostra da diversidade de alternativas que debemos iniciar sen demora, contando coa participación de todos os representantes do pobo ourensán neste consistorio, de xeito que se mude a deriva de goberno solipsista pola

---

<sup>4</sup> En ocasións, aparece referenciado como Conde Balvís



**CONCELLO DE OURENSE**  
**SECRETARIA XERAL**

democracia participativa, polo que se insta a este plenario a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Que o Concello de Ourense inicie, á maior brevidade posible, e contando coa participación de todos os representantes políticos deste plenario, accións para frear o deterioro e rexenerar a Casa de Baños de Outeiro e a súa contorna.**

**Emenda presentada polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**

**EMENDA DE SUBSTITUCIÓN:**

**TEXTO INICIAL DA PROPOSTA DE ACORDO**

Que o Concello de Ourense inicie, á maior brevidade posible, e contando coa participación de todos os representantes políticos deste plenario, accións para frear o deterioro e rexenerar a Casa de Baños de Outeiro e a súa contorna.

**PROPOSTA DE SUSTITUCIÓN**

1. Instar ao Goberno Local a que na busca do consenso, sexa na Comisión do PEPOU onde se definan os usos e o grao de protección da Casa de Baños de Outeiro.

**REDACCIÓN FINAL DA PROPOSTA DE ACORDO**

1. Instar ao Goberno Local a que na busca do consenso, sexa na Comisión do PEPOU onde se definan os usos e o grao de protección da Casa de Baños de Outeiro.

**Emenda presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular**

**EMENDA DE SUBSTITUCIÓN:**

**TEXTO INICIAL :**

1. Que o Concello de Ourense inicie, á maior brevidade posible, e contando coa participación de todos os representantes políticos deste plenario, accións para frear o deterioro e rexenerar a Casa de Baños de Outeiro e a súa contorna.

### **SUBSTITUCIÓN:**

1- Instar a todos os grupos políticos da corporación municipal, para que dentro do proceso participativo de elaboración do PEPOU, acheguen as propostas que consideren oportunas para a correcta rexeneración da Casa de Baños de Outeiro e a súa contorna.

2- Que os técnicos do Concello de Ourense realicen un informe sobre o estado da Casa de Baños de Outeiro, tendo en conta a súa situación xurídica actual.

### **NOVA REDACCIÓN FINAL:**

1- Instar a todos os grupos políticos da corporación municipal, para que dentro do proceso participativo de elaboración do PEPOU, acheguen as propostas que consideren oportunas para a correcta rexeneración da Casa de Baños de Outeiro e a súa contorna.

2- Que os técnicos do Concello de Ourense realicen un informe sobre o estado da Casa de Baños de Outeiro, tendo en conta a súa situación xurídica actual.

O Pleno do Concello, por vinte votos a favor do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, do Grupo Municipal do Partido Popular, do Grupo Municipal de Ciudadanos, do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e de dona María Teresa Rodríguez Garrido, don José Miguel Caride Domínguez, dona María del Mar Fernández Dibuja e don Laureano Bermejo Ansia, concelleiros non adscritos; e dúas abstencións do Grupo Municipal de Democracia Ourensana, adoptou o seguinte **ACORDO:** Aprobar a emenda do Partido Popular.

En consecuencia, apróbase a moción coa redacción dada pola emenda do Grupo Municipal do Partido Popular.

**8.10 Moción do PSdeG-PSOE para instar á Xunta de Galicia a reclamarlle á Universidad Intercontinental de la Empresa que retire da súa oferta académica as titulacións iguais ou similares ás existentes no campus de Ourense e a que cumpra cos mesmos requisitos e garantías esixibles ás universidades públicas galegas**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**





## CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL

A Xunta de Galicia vén de aprobar a posta en funcionamento da denominada Universidad Intercontinental de la Empresa (UIE), dependente dunha entidade bancaria que opera e explota o seu negocio no territorio galego e que foi adquirida recentemente por un grupo financeiro venezolano.

A existencia de tres universidades públicas galegas, distribuídas en sete campus, require dun especial esforzo, por parte dos poderes públicos, para garantir un ensino superior de calidade, que se insire na realidade socioeconómica do noso territorio e cun nivel de financiamento e taxas de investimento acordes cos países desenvolvidos, que procuren a súa excelencia docente e investigadora de acordo cos estándares internacionais.

As universidades, públicas ou privadas, son beneficiarias de fondos públicos, por múltiples vías, e dedicar recursos públicos a unha universidade privada en Galicia significa favorecer os intereses especulativos da banca, restando recursos docentes e investigadores, tan necesarios nas tres universidades públicas galegas, para dedicalos a un negocio que busca o enriquecemento privado. Todos os cartos que se empreguen en favorecer a universidades privadas en Galicia, son cartos que deixan de empregarse nas nosas universidades públicas.

A xestión do Sistema Universitario de Galicia (SUG) require dun tratamento eficiente e racional dos recursos, o que significa que as tres universidades galegas precisan dun plan de financiación digno e razoable, que garante o dereito fundamental á educación como ben público e o acceso á mesma en igualdade de oportunidades. En consecuencia, a educación non pode ser unha mercadoría, e aceptar unha universidade privada en mans do capital especulativo é aceptar a venda de títulos universitarios de acordo ao nivel económico e non aos méritos e capacidade de cadaquén.

Mais no caso concreto da UIE, acontece que se vulnera a propia Lei 6/2013, de 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia, que asegura que o catálogo de titulacións ofertadas “deberá ser complementario e non reiterativo” a respecto as titulacións preexistentes e consolidadas no SUG.

Por outro lado, esta seudouniversidade, que mesmo se anuncia na súa páxina web como Instituto de Educación Superior de la Empresa (IESIDE), amosa o incumprimento doutra das condicións sinaladas na Lei 6/2013: que os institutos universitarios soamente poden impartir docencia en posgrado e doutoramento, non en relación cos títulos de grao.

Ademais, a Xunta de Galicia xa foi advertida, polo Goberno do Estado, de que esta seudouniversidade privada presentaba unha memoria chea de ambigüidades e contradicións, non cumpre uns requisitos mínimos na súa oferta de graos e programas de doutoramento, ao estar centrada sobre todo no negocio dos másteres, nin dedica, como mínimo, un 5% do seu orzamento a programas de investigación. Asemade, tampouco se garante unha plantilla axeitada de profesorado en posesión do título de doutoramento nin con dedicación a tempo completo.

E neste sentido cómpre salientar que a oferta académica da seudouniversidade da UIE colisiona directamente con varias das titulacións de grao e posgrado existentes no

campus de Ourense, como son o Grao en Administración de Dirección de Empresas (ADE), o Diploma Avanzado en Relacións Internacionais, ademais dun máster en Digital Management, relacionado co Big Data e a Intelixencia Artificial.

Tres ofertas de títulos idénticas ou moi similares, desde logo, ás ofrecidas pola Escola Superior de Enxeñería Informática, a Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo e a nova Facultade de Relacións Internacionais, de Ourense.

Mais a pesar de que os reitores das tres universidades galegas e mesmo o Consello Económico e Social de Galicia (CES) amosaron o seu rexeitamento á aprobación da UIE, a Xunta de Galicia e o Partido Popular aprobaron, no Parlamento de Galicia, a súa posta en funcionamento, ocultando aos grupos da oposición información básica sobre as condicións desta seudouniversidade.

De feito, a UIE tampouco dispón do plan de desenvolvemento de titulacións por cada rama de coñecemento, que deberá comprender, polo menos, a relación das titulacións, a previsión de número total de prazas universitarias ofertadas curso a curso e o calendario completo para a implantación e posta en funcionamento dos correspondentes centros, así como os medios con que se conte especificamente para o seu desenvolvemento, cuestións, todas elas, esixidas polo artigo 6.2.a) do RD 420/2015.

Mais a pesar de todo isto, o goberno de Núñez Feijóo e a Consellería de Educación, que nos últimos anos revogaron varias das propostas de títulos postas enriba da mesa polas universidades públicas galegas, fixeron oídos xordos as tres universidades galegas e aos axentes económicos e sociais, amosando unha clara lasitude no cumprimento dos requisitos básicos para a aprobación e posta en funcionamento da devandita universidade privada.

Unha seudouniversidade de cuestionable interese público que, nos termos en que se propón, non vén cubrir ningunha carencia ou demanda existente por parte do sistema universitario galego, mais aló de tratar de competir –cunha evidente vantaxe comparativa de partida e favoritismo por parte do goberno de Núñez Feijóo– coa intención de restar alumnado de centros e titulacións como os mencionados no caso do campus de Ourense.

Por todo o exposto, desde o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE presentamos para a súa aprobación po parte desta Corporación Municipal, a seguinte proposta de **ACORDO**:

**Instar á Xunta de Galicia a reclamarlle á Universidad Intercontinental de la Empresa que retire da súa oferta académica as titulacións iguais ou similares ás existentes no campus de Ourense e a que cumpra cos mesmos requisitos e garantías esixibles ás universidades públicas galegas.**

O Pleno do Concello, por catorce votos a favor do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, do Grupo Municipal de Ciudadanos, do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e de dona María Teresa Rodríguez Garrido, don José Miguel Caride Domínguez e dona María del Mar Fernández Dibuja, concelleiros non adscritos; e oito abstencións do



**CONCELLO DE OURENSE**  
**SECRETARIA XERAL**

Grupo Municipal do Partido Popular, do Grupo Municipal de Democracia Ourenzana e de don Laureano Bermejo Ansia, concelleiro non adscrito, adoptou o seguinte **ACORDO**: Aprobar a moción.

**9. Declaración institucional do Concello de Ourense en apoio á Illa da Palma pola erupción volcánica na zona volcánica de Cabeza de Vaca o 19 de setembro de 2021**

O pasado domingo, 19 de setembro de 2021, e tras varias semanas dunha actividade sísmica cada vez máis intensa, entraba en erupción a zona de Cabeza de Vaca, na illa da Palma.

O paso das coadas de lava no seu percorrido desde o cume ata o mar segue deixando, como consecuencia, a destrución de vivendas, case 600 ata o momento, a destrución do modo de vida de numerosas familias e unha sensación permanente de incerteza que mantén a todos os canarios co corazón encolleito, e que debe ser minimizada pola acción coordinada de todas as Administracións.

Desde o Concello de Ourense, queremos enviar unha mensaxe de solidariedade a toda a sociedade palmeira nestes momentos de gran preocupación. Así mesmo, queremos trasladar todo o noso apoio ás persoas evacuadas dos seus fogares e, moi especialmente, o noso agarimo a quen perdeu as súas vivendas, os seus cultivos ou calquera outro ben baixo a lava. A dor, angustia e desesperación que senten, sentímolos tamén nós. Tamén, queremos poñer en valor a resposta do pobo da Palma, o seu exemplo de civismo co que, nuns momentos moi duros, asumiu as recomendacións das autoridades priorizando a seguridade persoal e colectiva.

Agradecemos e destacamos o traballo incansable que están a desenvolver os equipos de emerxencia, Corpos e Forzas de Seguridade do Estado, organizacións non gobernamentais, Exército, policía locais, profesionais do sector sanitario, medios de comunicación e tantos colectivos que co seu labor sobre o terreo contribúen a reducir as consecuencias deste fenómeno da natureza. Grazas por permanecer á beira de cada persoa; grazas pola súa vocación, pola súa entrega, pola súa valentía e polo seu esforzo.

Por estas razóns,

1. O Concello de Ourense envía unha mensaxe de solidariedade a toda a sociedade palmeira nestes momentos de gran preocupación. Trasládamos todo o noso apoio ás persoas evacuadas dos seus fogares e, moi especialmente, o noso agarimo a quen perdeu as súas vivendas, os seus cultivos ou calquera outro ben baixo a lava.

2. O Concello de Ourense felicita e agradece o traballo incansable que están a desenvolver os equipos de emerxencia, Corpos e Forzas de Seguridade do Estado, organizacións non gobernamentais, Exército, policía locais, profesionais do sector sanitario, medios de

comunicación e tantos colectivos que co seu labor sobre o terreo contribúen a reducir as consecuencias deste fenómeno da natureza.